

Curso académico: 2025/26

200281 - Prácticas

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 200281

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Optativa

Curso: 4

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Segundo cuatrimestre

Idiomas:

Acta: Grupo 1: Castelán

Docencia Práctica: Grupo 101: Castelán

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: Mercedes Marina López Garrido

Profesorado: Ana María González Neira, Mercedes Marina López Garrido, Nereida Rodríguez Fernández, José Juan Videla Rodríguez

1. Descrición xeral

O desenvolvemento de prácticas en entidades externas supón unha oportunidade para que os/as futuros/as graduados/as en Comunicación Audiovisual entren en contacto coa realidade laboral e adquiran habilidades dirixidas ao ámbito profesional.

Co obxectivo de dotar ao alumnado de Comunicación Audiovisual dunha formación práctica, complementaria á académica, que lle permita desenvolver as competencias adquiridas ao longo da súa formación universitaria, téñense incorporado ditas prácticas externas como materia optativa no Plano de Estudos.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Competencias (titulación RD 1393/2007)

- **[A01]** Comunicar mensaxes audiovisuais.
- **[B08]** Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
- **[B09]** Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprantar solución baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común

- **[C01]** Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
- **[C02]** Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
- **[C03]** Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
- **[C04]** Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

2.1. Resultados de aprendizaxe (titulacións RD 1393/2007)

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aplicación profesional en empresas dos coñecementos adquiridos no grao segundo o tipo de actividade audiovisual ao que se opte.	A1	B6 B8 B9	C1 C2 C3 C4

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	1. Prácticas profesionais que se ofertarán de forma optativa: Os coñecementos postos en práctica variarán en función da entidade ofertante, así como do área ao que esté adscrito o/ a estudante. No caso de que o/a estudante escolla cursar unha das mencións do grao, e complementar os créditos das materias asociadas a dita mención cos créditos da materia de prácticas, o Plano Formativo destas deberá estar aliñado coas competencias adquiridas na mención escollida.	A01, B08, B09, C01, C02, C03, C04.	MAG00, MAG17, MAG42.	SEG17, SEG42.

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial					
Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Atención personalizada [MAG00]	· TITORÍA Durante todo o período de prácticas o/a estudante contará cun/cunha titor/a da empresa, quen se encargará de velar pola súa aprendizaxe e orientalo/a no desenvolvemento das súas labores, resolvendo todas as súas dúbidas e/ou problemas. Tamén contará cun/cunha titor/a interno/a (do centro), co/a que o/a estudante deberá reunirse para a xestión das súas prácticas e, posteriormente, se encargará do seguimento do/a estudante no seu destino de prácticas. En función do posto desempregado e a entidade de destino, concertaranse unhas titorías periódicas (presenciais e/ou virtuais) [...]	1,00	0,00	0,00	
Portafolios do	Informe da actividade desenvolvida durante as	0,00	0,00	4,00	

Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
alumnado [MAG17]	prácticas preprofesionais. A súa estrutura e orientación, en función do posto desempregado e as tarefas desenvolvidas na entidade de destino, serán tratadas co/a titor/a académico/a, e segundo o modelo de referencia publicado no Campus Virtual.				
Traballos tutelados [MAG42]	A metodoloxía desenvolvida nas prácticas externas correrá a cargo da empresa, en función do Plano Formativo e das características e organización da mesma. En todo caso, este Plano Formativo e o desenvolvemento completo da estadía de prácticas rexirase polo regulamento das prácticas externas das titulacións de grao da Facultade de Ciencias da Comunicación.	145,00	0,00	0,00	A01, B08, B09, C01, C02, C03, C04.
Suma de horas por tipo		146,00	0,00	4,00	
Horas totais				150,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial				
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	
Portafolios do alumnado [SEG17]	Deberase entregar unha memoria final do/a alumno/a con toda a información sobre as prácticas desenvolvidas, os coñecementos e competencias adquiridos en relación coa titulación, así como unha reflexión crítica sobre a súa aprendizaxe durante o período de prácticas preprofesionais. Este documento seguirá o modelo establecido e publicado no Campus Virtual -extensión mínima, estrutura...- coas adaptacións precisas para cada caso concreto. Esta memoria será avaliada polo/a titor/a académico/a ata un total de 2 puntos. Ademais da súa estrutura, contido e extensión, na avaliación da [...]	20,00		
Traballos tutelados [SEG42]	O/a titor/a profesional da empresa elaborará un informe final, a fin de valorar as competencias adquiridas polo/a alumno/a durante as prácticas, segundo a escala numérica de ítems incluídos no modelo que se lle facilitará. A nota da estadía de prácticas fixarase a partir desa valoración das competencias adquiridas, ata un total de 8 puntos.	80,00	A01, B08, B09, C01, C02, C03, C04.	
Total (%)		100,00		

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

Para aprobar a materia **cómpre ter aprobadas ambas as partes**: "Portafolio do alumno" e "Traballos tutelados". No caso contrario só se podería recuperar a parte do "Portafolio do alumno" na segunda oportunidade (entrega na data oficial de exame en setembro).

Para a avaliación na primeira oportunidade cómpre que o alumnado finalice o período de prácticas e entregue a memoria **ata a data oficial de exame**. De non ser así **pasaría a avaliarse na segunda oportunidade**.

IMPORTANTE: No caso de alumnado que queira realizar prácticas nunha empresa non ofertada a través da facultade, deberá proporcionar á responsable de prácticas un documento cos datos da persoa de contacto en dita empresa coa que falou o/a estudante e todos os datos relativos ao plan formativo acordados por ambas partes como mínimo 1,5 meses antes da data de

comezo prevista para as prácticas.

O **abandono das prácticas sen causa xustificada**, con independencia do número de horas efectuadas, suporá un **suspenso** cunha calificación numérica de "0" nos "Traballos tutelados" e, por tanto, na materia. No caso de que este abandono estea xustificado, corresponderá á Comisión Académica valorar a situación coa documentación pertinente aportada polo/a alumno/a e as persoas encargadas da súa titorización (entidade-facultade).

Todos os aspectos relacionados con **dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica** rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Mencións: no caso de que o/a estudante opte por cursar unha das mencións de grao, e complementar os créditos das asignaturas asociadas a dita mención cos créditos da materia Prácticas, **o proxecto formativo das prácticas deberá estar aliñado coas competencias adquiridas na mención elixida.**

5.2. Segunda oportunidade

Para a segunda oportunidade esixíranse os mesmos documentos que para a primeira. O alumnado debe estar atento aos prazos e documentación requirida xa que a entrega incorrecta ou fora de prazo suporá a non superación da materia.

IMPORTANTE: No caso de alumnado que queira realizar prácticas nunha empresa non ofertada a través da facultade, deberá proporcionar á responsable de prácticas un documento cos datos da persoa de contacto en dita empresa coa que falou o/a estudante e todos os datos relativos ao plan formativo acordados por ambas partes como mínimo 1.5 meses antes da data de comezo prevista para as prácticas.

5.3. Oportunidade adiantada

Para a avaliación na oportunidade adiantada se esixirán os mesmos documentos que para as convocatorias ordinarias. Os prazos de entrega dos mesmos serán acordados coa docente responsable da materia.

5.4. Dispensa académica

Esta materia non é dispensable segundo indica a normativa da UDC (art. 12.d)

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- Medina Laverón, Mercedes. (2015). Estructura y gestión de empresas audiovisuales. EUNSA, 3ª ed.. Libro. [\[URL\]](#)

Bibliografía Complementaria

- Sánchez Estella, Oscar., Hortigüela Valdeande, Mª Ángeles; Herrero Domingo, Ricardo (2013). Comunicación oral y escrita en la empresa. Paraninfo. Libro. [\[URL\]](#)
- Álvarez Sánchez, Antonio, autor (2021). Comunicación empresarial y atención al cliente. Editex. Libro. [\[URL\]](#)

7. Recomendacións

Recoméndase ao alumnado permanecer atento aos prazos e procesos recollidos no Campus Virtual ao respecto da materia, xa que é responsabilidade do alumnado a entrega da documentación en tempo e prazo para poder ser evaluado positivamente. E permanecer atento tanto ao mail da UDC como a Teams e ao Campus Virtual, onde se publicarán as ofertas de prácticas abertas.

Tamén se aconsella aos/ás alumnos/as xestionar o antes posible a súa firma/certificado dixital (FNMT/Ceres ou DNI-electrónico/lector), o seu número da Seguridade Social e un currículo persoal actualizado. Sen estes documentos non será posible a realización de prácticas.